

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Programa para a Recuperación do itinerario educativo e laboral nos primeiros episodios psicóticos

Entidade executante

Asociación ALUME SAÚDE MENTAL (<https://alume.org/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese no concello de Lugo.

Persoas destinatarias

Mozos/as con idades comprendidas entre os 16 e 25 anos que teñan sufrido un primeiro episodio psicótico, así como as súas familias e/ou cuidadores.

Obxectivos

Obxectivo xeral:

Desenvolver competencias educativas e laborais, así como tamén, dotar das capacidades necesarias que prepararen aos mozos/as a dar unha resposta efectiva tendo en conta a súa saúde mental.

Obxectivos específicos:

Favorecer e potenciar a adquisición de hábitos e rutinas diarias significativas co involucramento das súas redes de apoio.

Favorecer o desenvolvemento de roles significativos na comunidade.
Incrementar a participación social das persoas na comunidade en base a ocupacións significativas.

Metodoloxía

O desenvolvemento de de **itinerarios acompañados**, demostrou ser unha ferramenta moi potente para mellorar a formación e aumentar as opcións de inserción sociolaboral naqueles mozos/as que, por distintas causas, racharon prematuramente co sistema educativo e atópanse nalgunha situación de vulnerabilidade (Climent-Rodríguez y Navarro-Abal, 2016).

A metodoloxía empregada será precisa, adaptada ás necesidades e ó estado psicopatolóxico da persoa.